



VITORIA SEN APUROS

Os tres puntos ante o Narahío enganchan os de Ares cos equipos da cabeza da táboa.

A Veiga 28 de outubro de 2012.

ALIÑACIONS

NARAHIO: Toni, Noel (Alberto 54'), Juli, Roberto, Casal (Cesar 56'), Ríos, Raúl, Alejo, Jesús (Borja 46'), Miguel (Pablo 59') e Javichu.

NUMANCIA: Carlos (Putxi 88'), Martín, Antón, Costa, Bule, García (Alexmarti 55'), Dudi (Julio 70'), Teti, Jaime (Fernando 84'), Manu e Javi (Álvaro 85').

COLEXIADO: José A. Rodríguez Dopico. Amoestou a Javichu, Pablo e Juan del Río (adestrador) polo Narahío. Polo Numancia amoestou a Costa e Fernando. Expulsados Raúl por cartolina vermella directa e Javi por dobre amarela, ambos os dous do Narahío.

GOLES:

0 - 1: min 22, centro colgado de Jaime á área local, o defensa falla no rexeitamento, Javi queda co balón e marca de disparo a media altura.

0 - 2: min. 42, libre indirecto preto da semilúa da área, touca Javi e Costa de forte disparo a coloca en toda a escuadra.

0 - 3: min. 85, penalti sobre Jaime que transforma Javi.

Campo que presentaba un inmejorable aspecto estético, pero moi brando por algunhas zonas, o que ocasionou esvaróns e mesmo algunha perda de estabilidade dos xogadores, circunstancia que condicionou un pouco o xogo. O cansazo pola brandura do campo fíxose notar ao final do partido.

Primeiros vinte minutos de partido caracterizados polo xogo lento, carente de ritmo, aburrido. Ningún dos dous equipos asumiu a responsabilidade de tomar a iniciativa. Foi a partir do gol do Numancia cando o encontro se animou e comezaron as aproximacións ás portarías. Foron os de Ares os que animados polo gol tomaron a iniciativa ante un Narahío que esperaba atrás tratando de sorprender á contra e a balón parado pero non tiveron profundidade no seu xogo, agas de dúas oportunidades nas que o sol que daba de fronte cegou o porteiro aresán e a piques estiveron de besar a rede. Pola contra os de Ares dispuxeron dalgunha ocasión que non materializaron. Xa nos últimos minutos chegaría o segundo gol dos de Ares despois dun disparo maxistral de Costa a lanzamento de libre indirecto. Sen tempo para máis marcharíamos ao descanso con vitoria parcial dos de Ares por 0 - 2.

Na segunda metade o Narahío, malia estar cun menos pola expulsión de Javi no 40', estivo máis incisivo saíndo descaradamente a pola remontada, pero a defensa aresana e o gardameta abortarían con solvencia todas as chegadas á área. Pola contra os de Ares non fixeron unha boa segunda metade. Pero aínda así, o atrevemento dos locais en ataque estivo a punto de pasarles factura en varias ocasións. As contras e as ocasións claras que tiveron os de Ares foron varias pero non estiveron acertados nas definicións Habería que esperar ata o minuto 85 para ver subir o terceiro tanto visitante ao transformar Javi un penalti cometido sobre Jaime.